

SEXENIOS 2023


Fontes de información para a valoración das aportacións

Ana Martínez Piñeiro

Sección de Soporte á Aprendizaxe e á Investigación


12 de xaneiro de 2024

Obxectivos




Coñecer que fontes de información podemos empregar para localizar indicios de calidade das publicacións, para achegar na solicitude de avaliación da actividade investigadora da Aneca 2023

Programa




- Sexenios 2023: principais novidades na valoración das publicacións
- Campos da solicitude: resumen, outra información e indicios de calidade
- Indicios de calidade: fontes de información e indicadores

Programa



- Sexenios 2023: principais novidades na valoración das publicacións
- Campos da solicitude: resúmen, outra información e indicios de calidade
- Indicios de calidade: fontes de información e indicadores


Sexenios 2023: principais novidades




- A Aneca publicou un borrador dos criterios que estivo en consulta pública para a achega de propostas
- A Aneca publicou un [baremo xeral](#) de aplicación na avaliación dos sexenios e un [baremo para cada comité](#).

Sexenios 2023: principais novidades

- Pódense presentar menos aportacións en determinadas situacións no período avaliado: permisos de maternidade/paternidade, excendencias por coidado de familiares, violencia de xénero, violencia terrorista e baixas médicas prolongadas




Sexenios 2023: principais novidades



- É imprescindible explicar a participación na investigación cando na aportación participan máis persoas (penalización)
- Acéptanse as publicacións desde que son aceptadas e están dispoñibles en liña, publicadas cun identificador persistente aínda que non estean na versión en papel ou con paxinación definitiva.


Sexenios 2023: principais novidades



- Algúns cambios nos campos:
 - Campo 0: inter e multidisciplinar
 - Ciencias do comportamento pasa ao campo 7.2, con educación
 - Xeografía pasa do campo 10 ao campo 7.1, con ciencias sociais


Sexenios 2023: principais novidades

- A avaliación adáptase ao novo contexto europeo:
 - Avaliación da actividade investigadora no seu conxunto
 - Valoración de todos os tipos de aportacións
 - Valoración das publicacións concretas por riba das revistas ou editoriais nas que se publica




Sexenios 2023: principais novidades

- A avaliación adáptase ao novo contexto europeo:
 - Valoración da participación na ciencia aberta
 - Valoración da interdisciplinariedade e multidisciplinariedade: campo específico
 - Valoración de indicadores bibliométricos en contexto e normalizados
 - Valoración do impacto social




Programa



- Sexenios 2023: principais novidades na valoración das publicacións
- Campos da solicitude: resumen, outra información e indicios de calidade
- Indicios de calidade: fontes de información e indicadores


Campos da solicitude: resumo, outra información e indicios de calidade



Resumo: 4000 caracteres (pendente de que abran o formulario de solicitude)

- Contribución da aportación ao coñecemento na área
- Cuestións como orixe na tese, nunha estancia, nun proxecto
- Explicación do sentido da aportación na liña de investigación
- Participación concreta e caso de multiautoría


Campos da solicitude: resumo, outra información e indicios de calidade



Outra información (pendente de que abran o formulario de solicitude)

Puntuación favorable da aportación nunha solicitude anterior

Campos da solicitude: resumo, outra información e indicios de calidade




Indicios de calidade: 4000 caracteres (pendente de que abran o formulario de solicitude)

Narrativa dos indicios de calidade:


- Impacto científico da aportación e o medio
- Impacto social
- Contribución á ciencia aberta

Programa



- Sexenios 2023: principais novidades na valoración das publicacións
- Campos da solicitude: resumen, outra información e indicios de calidade
- **Indicios de calidade: fontes de información e indicadores**

Indicios de calidade: fontes de información e indicadores



Tres dimensións:

- Impacto científico: da aportación e do medio
- Impacto social da aportación
- Contribución á ciencia aberta da aportación

Indicios de calidad: fontes de información e indicadores



Baremo general de aplicación en la evaluación de los sexenios de investigación 2023 por parte de los Comités Asesores

Contribución al progreso del conocimiento en el área	10%
Impacto científico	60%
Impacto social	10%
Contribución a la ciencia abierta	10%
Aportación preferente	10%
Reiteración de publicaciones	-15%
Autoría insuficientemente justificada	-15%
Malas prácticas de publicación	-25% a -100%

Contribuye al progreso del conocimiento en el área (10%)

1. Grado de originalidad e innovación
2. Prioridad temática o reto abordado y aportación al debate científico
3. Aportación metodológica

Presenta impacto científico (60%)

1. Uso y lectura de la aportación (en plataforma de revista/editorial/congreso, etc.)
2. Citas, excluyendo autocitas / Citas normalizadas / Posición en citas
3. Calidad editorial (publicaciones) o reconocimiento (otras aportaciones) del medio de difusión
4. Internacionalización del medio de difusión
5. Impacto científico del medio de difusión (editorial, revista, congreso, etc.)

Otros indicios: *Proyectos financiados vinculados, tesis doctorales vinculadas, estándares de ética, premios, traducciones, reseñas, etc.*

Presenta impacto social (10%)

1. Uso y lectura de la aportación (en otras plataformas no académicas)
 2. Menciones no académicas o sociales a la aportación (*working papers*, informes, blogs científicos o profesionales, guías para públicos amplios, etc.)
 3. Interacciones en medios o plataformas sociales sobre la aportación
- Otros indicios: *Aportación a políticas públicas, soluciones a problemas sociales, etc.*

Contribución a la ciencia abierta (10%)

1. Grado de apertura (depósito de *preprint*, ruta diamante, licencias *Creative Commons*, etc.)
2. En caso de conjunto de datos: Adopción de principios FAIR, posibilidad de descarga, etc.
3. En caso de software: Contribución a software libre

Otros indicios: *Otras contribuciones no académicas, diversidad de repositorios utilizados para depósito, uso y reutilización de datos, etc.*

Aportación preferente (10%)

Ajuste a lo señalado como 'aportación preferente' en el apartado 1 de cada Campo/Subcampo en la Resolución de criterios de evaluación de 2023: artículo, libro, capítulo de libro, patente, contribución a congreso, etc.

Contribución ao progreso do coñecemento (10%)

Impacto científico (60%): da aportación e do medio


Impacto social (10%)

Contribución á ciencia aberta (10%)

Aportación preferente (10%)

Penalizaciones

Indicios de calidade: fontes de información e indicadores



Impacto científico da aportación:


Citas en contexto e normalizadas:

- [WOS](#)
- [Scopus](#)
- [Dialnet](#)
- [Dimensions](#)
- [Lens](#) (só en contexto)

Citas **sen autocitas**: Scopus, WOS, Dialnet, Lens

Citas aínda que non estea indexada: Scopus e WOS

Indicios de calidade: fontes de información e indicadores




Impacto científico da aportación:

Citación en contexto: revisar as citas e destacar as que son máis relevantes:

- Por autoría, revista ou institución relevante
- Interdisciplinariade: se as citas proceden de revistas de ámbitos diferentes
- Variedade de institucións, países ou idiomas citantes

Indicios de calidade: fontes de información e indicadores




Impacto científico da aportación:

Citación normalizada: número de citas en comparación coas citas recibidas por outros documentos similares publicados no mesmo ano e do mesmo ámbito, na mesma fonte:

- WOS (InCites): CNCI
- Scopus: FWCI
- Dimensions: FCR e RCR
- Dialnet: Impacto

Indicios de calidade: fontes de información e indicadores




Impacto científico da aportación:

Citación normalizada: o 1 indica a media do ámbito, ano e tipo de publicación. Todo o que sexa superior, está por riba da media. Todo o inferior, por debaixo.

Exemplo: CNCI 1,23

Esta publicación ten un 23% máis de citas que a media.

Indicios de calidade: fontes de información e indicadores




Impacto científico da aportación:
Exemplo: FWCI 0,95

Esta publicación ten un 5% menos de citas que a media.

Non necesariamente é un dato negativo:
podemos complementalo con contexto de citación.

Indicios de calidade: fontes de información e indicadores




Impacto científico da aportación:

Percentil de citación: é a porcentaxe de documentos do mesmo tipo, ano e ámbito temático, que teñen menos citas que a aportación.

Exemplo: Percentil 60

Indica que o 60% dos documentos similares obtiveron menos citas nesta fonte, e polo tanto está no 40% máis citado.

Indicios de calidade: fontes de información e indicadores




Impacto científico da aportación:

Guía da biblioteca que explica como buscar impacto normalizado e percentil en WOS, Scopus, Dimensions e Dialnet:

Indicadores de citación normalizada e percentil de citación

<http://sp.bugalicia.org/vig/subjects/guide.php?subject=Citacionnormalizada>


Indicios de calidade: fontes de información e indicadores



Impacto científico da aportación:

- Outras citas:
 - [OpenCitations](#)
 - [Google Académico](#)
 - [Google Books](#)
- Outras que poidamos coñecer directamente

Indicios de calidad: fontes de información e indicadores




Impacto científico da aportación:

- **Uso e lectura:**

- Na propia editorial
- Repositorios: [Investigo](#)
- Bases de datos: WOS, Scopus

- **Contexto de uso e lectura** (países de consulta, lectores/as por categorías...)

Indicios de calidade: fontes de información e indicadores



Impacto científico da aportación:


- **Monografías:**

- Citas
- Traducións
- Reseñas
- Presenza en bibliotecas: [Worldcat](#) e [Rebiun](#)

Indicios de calidade: fontes de información e indicadores

Calidade, internacionalización e impacto científico do medio (revista):

- [JCR](#): cuartil, posición e percentil
- [SJR](#): cuartil e posición
- [Scopus CiteScore](#): percentil
- [JCI](#): cuartil, posición e percentil
- [Dialnet](#): cuartil e posición



Indicios de calidade: fontes de información e indicadores


Calidade, internacionalización e impacto científico do medio (revistas):

- Presenza en relacións de revistas seleccionadas pola súa calidade ([DOAJ](#), [Latindex](#), [CIRC](#)...)
- Outros sistemas de avaliación ([Carhus](#), [Anvur](#)...)
- Selos de calidade ([Fecyt](#))
- Criterios de calidade: [no apéndice do documento de criterios](#): identificación dos comités, instrucións a autores, periodicidade, proceso de revisión...

Indicios de calidade: fontes de información e indicadores

Calidade, internacionalización e impacto científico do medio (monografías):


- Prestixio da editorial no ámbito
- Indexación das súas monografías en bases de datos
- Presenza en directorios de editoriais de calidade ([DOAB](#))
- Selo de calidade ([CEA-APQ](#))



Indicios de calidade: fontes de información e indicadores

Calidade, internacionalización e impacto científico do medio (monografías):

- Criterios de calidade: [no apéndice do documento de criterios](#): transparencia dos comités e proceso de avaliación e selección, orixinalidade das publicacións, coleccións relevantes...




Indicios de calidade: fontes de información e indicadores

Calidade, internacionalización e impacto científico do medio:

Guías da biblioteca:

Indicios de calidade das revistas


Indicios de calidade dos libros



Indicios de calidade: fontes de información e indicadores

Impacto social da aportación:


- Uso e lectura en medios non académicos (redes sociais)
- Presenza en medios non académicos: prensa, tv...
- Investigación en colaboración ou con financiación de institucións sociais (ONG...)
- Uso en políticas públicas
- Uso social...



Indicios de calidade: fontes de información e indicadores

Contribución á ciencia aberta:


- Publicación en acceso aberto (preferentemente ruta diamante)
- Depósito nun repositorio institucional, temático ou xeneralista, de acceso aberto
- Software libre, datos en acceso aberto...



Indicios de calidade: fontes de información e indicadores

Importante!!

- Depósito nun repositorio, ademais de estar publicado en acceso aberto
- Pode estar depositado en calquera repositorio (para a universidade é importante que usedes Investigo)
- É un indicio "diversidade de repositorios utilizados para depósito"



Indicios de calidade: fontes de información e indicadores


Importante!!

- As redes sociais académicas (Researchgate ou Academia)

NON SON REPOSITARIOS

- Se a aportación non se pode depositar en repositorios por respecto aos dereitos de autor, debemos indicálo na solicitude.

Indicios de calidade: fontes de información e indicadores



Impacto científico:

[Portal de investigación da Universidade de Vigo](#)

Todas as publicacións indexadas en Dialnet, WOS e Scopus

Cómpre identificarse para ver os indicadores de cada publicación

Indicios de calidade: fontes de información e indicadores

Impacto científico e social da aportación:

Scopus:

- Número de citas (sen autocitas), contexto das citas: autores/as, institucións e revistas citantes, ámbitos citantes
- Citación normalizada FWCI
- Percentil de citación
- Reconto de uso en Scopus
- PlumX: lecturas, mencións, capturas en Mendeley

Indicios de calidade: fontes de información e indicadores

Impacto científico e social da aportación:

WOS:


- Número de citas (sen autocitas), contexto das citas: autores/as, institucións e revistas citantes, ámbitos citantes
- Reconto de uso en WOS
- Citación normalizada CNCI (InCites)
- Percentil de citación (InCites)

Indicios de calidade: fontes de información e indicadores

Impacto científico e social da aportación:

Dimensions:

- Número de citas, en contexto: ámbitos, citas destacadas, persoas citantes, revistas citantes...
- Citación normalizada: FCR, RCR
- Altmetric: noticias de prensa, uso en Twiter (X) e Mendeley




Indicios de calidade: fontes de información e indicadores

Impacto científico da aportación e do medio:

Dialnet métricas:


- Aportación:
 - número de citas (sen autocitas)
 - Impacto
 - Percentil
 - contexto
- Revista: cuartil e posición



Indicios de calidade: fontes de información e indicadores

Impacto científico e social de aportacións que non están indexadas nas bases de datos internacionais:


- Citas en **WOS** e **Scopus**, aínda que non estean indexadas
- Citas en [Lens](#), [Scite](#), [OpenCitations](#), [Google Académico](#), [Google Books](#)



Indicios de calidade: fontes de información e indicadores

Impacto científico da aportación: uso:

- [Repositorio institucional **Investigo**](#)
- Outros repositorios: [Zenodo](#)
- Redes sociais académicas:
 - [Researchgate](#): indicadores para cada publicación: Citas, recomendacións, lecturas, Research Interest Score, percentil global, por data, por disciplina
 - [Academia](#)



Indicios de calidade: fontes de información e indicadores

Redacción dos indicios de calidade, exemplo 1:

Este artigo está indexado en Scopus, WOS e Dimensions. Scopus recolle 17 citas, das que 13 non son autocitas (datos recollidos o 11/01/24).

Delas, 3 proceden da universidade XXX, do grupo de investigación XXX, referente neste tema. O resto proceden de institucións de 6 países diferentes (Estados Unidos, China, Francia, Suecia, España e Portugal).

Destacamos...

O percentil de citación do artigo en Scopus é 82, o que indica que só o 18% dos artigos publicados o mesmo ano neste ámbito recibiron máis citas ca este. A citación normalizada en Scopus (FWCI) é 1,62, o que indica que este artigo recibiu un 62% máis de citas que os artigos similares do mesmo ano.

Indicios de calidade: fontes de información e indicadores

En WOS recibiu 12 citas (sen autocitas), un CNCI (impacto normalizado) de 1,39, e o artigo sitúase no percentil 80,35 dos artigos publicados no mesmo ano e na mesma categoría. Recibiu polo tanto un 39% máis de citas que os artigos similares, e ten máis citas que o 80% dos artigos similares indexados en WOS.

En Dimensions, o impacto normalizado é de 6,21 (FCR), é dicir, ten 6,21 veces máis citas que a media dos artigos similares nesta base de datos.

En canto ao uso, Mendeley recolle 12 lecturas, das que a maioría (o 64%) proceden das categorías Post doc, profesores/as e investigadores/as.

Indicios de calidade: fontes de información e indicadores

A revista XXX situábase o ano de publicación no D1 de JCR na área XXX (posición 17/215), percentil 92,33. Tamén estaba no Q1 da área XXX de SJR.

Este artigo foi publicado nunha revista en acceso aberto, e depositado en arxiv no momento da súa publicación.

A revista conta cun comité editorial formado por 35 persoas expertas de 9 países distintos (ninguna delas española).

Indicios de calidade: fontes de información e indicadores

Redacción dos indicios de calidade, exemplo 2:

Este artigo indexado en [Dialnet](#), recibiu 8 citas segundo [Dialnet métricas](#), das que ningunha delas é autocita (consulta o 19/12/23), o que fai que se sitúe no percentil 95 no ámbito XXX desta base de datos, e no percentil 93 no ámbito XXX. Isto indica que menos do 5% dos artigos publicados no seu mesmo ámbito e ano recibiron máis citas que este.

O impacto do artigo en Dialnet é 3.3 no ámbito XXX, 3.01 en XXX e 2.52 en XXX. Isto indica que nos tres casos recibiu arredor de 3 veces máis citas que a media dos artigos indexados en Dialnet publicados no mesmo ano e o mesmo ámbito temático. As citas máis relevantes son... [explicación do motivo]

Indicios de calidade: fontes de información e indicadores


A revista XXX forma parte do catálogo da editorial XXX, editorial de referencia nos ámbitos XXX. Sitúase no primeiro cuartil en Dialnet métricas nos tres ámbitos nos que está clasificada (XXX, XXX e XXX), nos que ocupa respectivamente os postos 62 de 354, 36 de 171 e 2 de 19.

En Carhus Plus, a ferramenta de valoración da Agència de Gestió d'Ajuts Universitaris i de Recerca, esta revista sitúase na categoría B do ámbito XXX (de catro categorías, A, B, C e D).

O artigo está depositado no repositorio institucional da Universidade de Vigo, Investigo, e en Zenodo, en acceso aberto.


En Investigo contabilízanse 247 visualizacións, das que 100 proceden de Estados Unidos, 80 de Moldavia, 25 de España, 10 do Reino Unido, e o resto de Suecia, Irlanda e China.

Consultas



ANECA responde:

<https://ayuda.aneca.es/hc/es>



Consultas

Campus de Ourense

saibco@uvigo.gal

Campus de Pontevedra

refbcp@uvigo.gal


Campus de Vigo

referencia@uvigo.gal

Repositorio Investigo

investigo@uvigo.gal

Guías



[Sexenios CNEAI](#)

[Sexenios CNEAI 2023. Novidades](#)

[Sexenios CNEAI 2023. Preguntas frecuentes](#)

